# REGULAMENTO ORGÁNICO DO GOBERNO E DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da reforma da Lei Reguladora das bases de réxime local levada a cabo pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, supón o establecemento dun réxime especial de organización para os concellos de gran poboación no novo título X da lei e con elo a diferenciación coa organización do réxime común aplicable ao resto dos concellos. Supón a aprobación dun importante conxunto de reformas do réxime local contido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local

Entre as medidas adoptadas destaca a adición do título X á Lei 7/1985, no que se establece un novo modelo orgánico-funcional para os municipios de gran poboación, regulándose os seus órganos necesarios (Pleno, Comisións do Pleno, Alcalde, Tenentes de Alcalde e Xunta de Goberno Local), os órganos superiores e os directivos, a división territorial en distritos, os mecanismos de participación cidadá, o consello social, o órgano de reclamacións económico-administrativas, etc.

A Lei 57/2003, no seu artigo primeiro adiciona dous novos títulos, o X e XI, á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local. O título X no seu artigo 121 establece o ámbito de aplicación, sinalando que será de aplicación os municipios: a) Con poboación superior aos 250.000 habitantes; b) Os municipios capitais de provincia con poboación superior aos 175.000 habitantes; c) Os municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas; e d) Aos municipios con poboación superior a 75.000 habitantes, que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais.

O Concello de Pontevedra ao amparo do disposto no apartado c) do artigo 121, por acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de xaneiro de 2004, por unanimidade, acordou solicitar do Parlamento de Galicia a integración do Concello de Pontevedra, como Capital de Provincia, no ámbito de aplicación do réxime orgánico establecido no título X da Lei 7/1985 para os municipios de gran poboación.

A Comunidade Autónoma por Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 130 do 7 de xullo de 2004 e no Boletín Oficial do Estado nº 187 do 4 de agosto de 2004, dispón a integración do Concello de Pontevedra no réxime previsto para os concellos de gran poboación.

Esta Lei dispón a aplicación, por entender que concorren as circunstancias de carácter obxectivo esixidas para elo no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de

réxime local, do réxime de organización dos municipios de gran poboación contemplado en dito título ao Concello de Pontevedra.

Engade, non obstante, que serán os plenos municipais dos concellos aos que é de aplicación os que determinarán a aplicación desta lei ao réxime de organización dos respectivos concello.

O Concello de Pontevedra aproveita as adaptacións do modelo organizativo previsto na lei a súa concreta situación, dando cumprimento á creación de novos órganos a que a lei obriga e adaptando os existentes para que redunden en beneficio da capacidade de control e fiscalización e posibilitando a participación cidadá, pero aproveitando ao máximo a estructura administrativa existente na actualidade.

A división orgánica, se establece sobre a base das actuais Áreas de Goberno entendidas, non só como instrumentos de xestión administrativa, senón tamén como a agrupación política de materias de xestión de carácter homoxéneo.

A división territorial se establece sobre a base dos Distritos, que tendo en conta o tamaño do Concello de Pontevedra, tanto en poboación como na súa actual estructura organizativa e orzamentaria, requirirán un estudio sosegado antes da súa determinación exacta.

O Pleno, a Alcaldía e a Xunta de Goberno Local culminan, no ámbito das súas competencias, a división orgánica do Concello de Pontevedra. O resto dos niveis orgánicos constitúenos os Tenentes de Alcalde, os Concelleiros de Goberno e os Concelleiros Delegados de Goberno.

A nova organización dos municipios de gran poboación, aplicable ao de Pontevedra, introduce a separación clara das competencias de goberno e administración das normativas, deliberantes e decisorias das grandes cuestións. As competencias de goberno e administración residen agora no órgano de nova creación de carácter executivo a Xunta de Goberno Local. As competencias normativas, deliberantes e decisorias das grandes cuestións residéncianse no Pleno e as súas Comisións. Ao Pleno resérvaselle na Lei, artigo 123.1, a competencia para a aprobación e modificación dos Regulamentos de natureza orgánica, dispoñendo que terán esta natureza os seguintes: A regulación do Pleno, do Consello Social da Cidade, a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, a organización complementaria, as normas de participación cidadá, os Distritos, a determinación dos niveis esenciais da organización municipal e a regulación do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas. A aprobación da normativa a que se fai referencia requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno.

A lei introduce os denominados órganos superiores e directivos de xeito semellante ao da Administración Xeral do Estado. Os órganos superiores son: o Alcalde e os membros da Xunta

de Goberno Local. Dentro dos órganos directivos, no Concello de Pontevedra poden existir órganos de carácter xeral – Directores Xerais -, (se prescinde inicialmente da creación de Coordinadores Xerais), órganos xurídico-administrativos (que denominamos Secretario da Administración Municipal) como posto reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e a Asesoría Xurídica, da que o seu titular recibe o nome de Director da Asesoría Xurídica. Inicialmente prescíndese da creación de Coordinadores Xerais, por estimar que a organización administrativa actual non precisa deles. A organización económico-financeira e tributaria está integrada pola Tesourería do Concello, da que o órgano recibe o nome de Órgano de Tesourería e Xestión Tribuutaria, e polo Órgano de xestión orzamentaria e contable; e por último, o control e fiscalización interna que se levará a cabo pola Intervención Xeral Municipal, reservándose a titularidade destes órganos a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Así mesmo, o presente Regulamento fai mención ao resto da organización municipal, partindo da premisa de aproveitamento ao máximo da organización e infraestructura existente actualmente no Concello de Pontevedra, sen prexuízo das remisións a outras normas orgánicas necesarias.

Con este Regulamento Orgánico dáse cumprimento, en parte, ao mandato legal regulando o goberno e a administración do Concello de Pontevedra e de xeito especial os órganos de goberno necesarios: Alcalde, Tenentes de Alcalde e Xunta de Goberno Local, así como os demais órganos complementarios do executivo municipal. Queda fora e non se regula aquí o Pleno, que será obxecto de norma ou normas orgánicas específicas, aínda que o Pleno forme parte do complexo institucional do Concello.

O presente Regulamento Orgánico se estructura en un título preliminar, cinco títulos, nove disposicións adicionais, unha derrogatoria e unha disposición final.

O título preliminar conten unha serie de disposicións xerais referidas a determinación do obxecto de regulación do Regulamento, os principios xerais, a relación con outras Administracións e cos cidadáns e a enumeración dos regulamentos orgánicos necesarios.

O título primeiro se refire á organización e estructura básica do Concello de Pontevedra en órganos centrais, territoriais e organismos públicos (organismos autónomos e entidades públicas empresariais) aínda que estas últimas na actualidade non existan creadas no Concello de Pontevedra.

O título segundo se refire ao goberno municipal regulando os seguintes órganos superiores: Pleno, Alcalde, Xunta de Goberno Local. Se regula o réxime de delegacións das competencias de cada órgano, os supostos de ausencia e substitución polos Tenentes de Alcalde, a renuncia ao cargo polo Alcalde,

etc.

O título terceiro desenvolve os órganos directivos da Administración do Concello de Pontevedra, Directores Xerais, órgano do apoio á Xunta de Goberno Local (Secretario Municipal), Asesoría Xurídica, órgano de xestión orzamentaria e contabilidade, Intervención Xeral Municipal e órgano de Tesourería e xestión tributaria.

O título cuarto regula a organización territorial da administración municipal materializada polos Distritos desde o punto de vista administrativo, así como outros órganos de participación.

No título quinto desenvólvense as previsións contidas na Lei sobre o réxime xurídico aplicable a tódolos organismos públicos do Concello de Pontevedra, existentes ou que poidan crearse, dotándose dun marco normativo referente a estes entes descentralizados que garanta a uniformidade do réxime de organización e funcionamento, sen prexuízo do que se poida establecer nos propios estatutos.

## TÍTULO PRELIMINAR
## DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

1. No marco do disposto na lexislación de réxime local, o presente Regulamento Orgánico regula o goberno e a administración do Concello de Pontevedra.

2. O Pleno do Concello de Pontevedra se rexerá polo seu propio Regulamento Orgánico e polas demais disposicións que lle resulten de aplicación.

Artigo 2.- Principios xerais.

O Concello de Pontevedra se organiza e actúa, con sometemento pleno á lei e conforme ao Dereito, de acordo cos principios de eficacia, descentralización funcional, desconcentración, coordinación e servicio ao cidadán.

Artigo 3.- Servicio ao interese xeral e competencias.

1. O Concello de Pontevedra, baixo a superior dirección do Alcalde, serve con obxectividade aos intereses xerais do municipio de Pontevedra, desenvolvendo as funcións executivas e administrativas que lle atribúen as leis ou lle deleguen a Comunidade Autónoma de Galicia ou outras Administracións públicas.

2. O Concello de Pontevedra exerce as súas competencias propias en réxime de autonomía e baixo a súa propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións públicas.

As competencias delegadas se exercerán nos termos da delegación, que pode prever técnicas de dirección e control de oportunidade que, en todo caso, haberán de respectar a potestade de autoorganización dos servicios do Concello de Pontevedra.

Artigo 4.- Relacións con outras Administracións públicas e cos cidadáns.

1. O Concello de Pontevedra axustará as súas relacións coas demais Administracións públicas aos principios de información, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos.

2. Procederá a coordinación das competencias do Concello de Pontevedra coas demais entidades locais e, especialmente, coas restantes Administracións públicas cando as actividades ou servicios locais transcendan ao interese propio do Concello de Pontevedra, incidan ou condicionen relevantemente os de ditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos de estas.

3. As funcións de coordinación non afectarán en ningún caso á autonomía do Concello de Pontevedra.

4.- Nas súas relacións cos cidadáns o Concello de Pontevedra actúa de conformidade cos principios de transparencia e participación, boa fe e lexítima confianza.

Artigo 5.- Regulamentos Orgánicos.

Terán a natureza orgánica e, polo tanto, se regularán por Regulamento Orgánico específico ou conxunto, os seguintes órganos municipais:

1.- O Pleno do Concello de Pontevedra e as súas Comisións.

2.- O Goberno e a Administración do Concello de Pontevedra.

3.- O Consello Social de Pontevedra, integrado por representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas.

4.- A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

5.- Os procedementos de participación cidadá e, no seu caso, órganos complementarios.

6.- A división do municipio en Distritos.

7.- O órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.

# TÍTULO I
# DA ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Artigo 6.- Organización administrativa.

Terán a consideración de órganos as unidades administrativas ás que se lles poidan atribuír por delegación funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.

A organización administrativa do Concello de Pontevedra responde aos principios de división funcional en Áreas de goberno e de xestión territorial integrada en Distritos, salvo as excepcións que se poidan prever no presente Regulamento.

Artigo 7.- Órganos centrais, territoriais e organismos públicos.

1. O Concello de Pontevedra se organiza en órganos centrais, territoriais e organismos públicos.

Os órganos centrais exercen as súas competencias sobre todo o territorio do municipio de Pontevedra e reciben o nome de Áreas de Goberno.

Os órganos territoriais exercen as súas competencias exclusivamente no ámbito dun Distrito.Os distritos configúranse como órganos desconcentrados sen personalidade xurídica propia que serán creados polo Pleno coa finalidade de lograr unha maior eficacia na xestión, de axilizar os procedementos e de facilitar un maior grao de participación cidadán na actividade de prestación dos servicios.

2. Dos órganos centrais dependerán os organismos públicos que están creados ou se creen de acordo coas disposicións vixentes en materia de réxime local ou coas previstas no presente Regulamento.

3. Os organismos públicos previstos no presente Regulamento teñen por obxecto a realización de actividades de execución ou xestión tanto administrativas de fomento ou prestación, como de contido económico reservadas ao Concello de Pontevedra; dependen de este e se adscriben, directamente ou a través doutro organismo público, á área competente por razón da materia, a través do órgano que en cada caso se determine.

Artigo 8.- As áreas de goberno e a súa organización.

As áreas de goberno constitúen os niveis esenciais da organización municipal e comprenden, cada unha delas, un ou varios sectores funcionalmente homoxéneos da actividade administrativa municipal.

Das mesmas poderán depender outras áreas delegadas ás que corresponderá a dirección dun sector da actividade administrativa da responsabilidade daquelas.

As áreas de goberno se estructuran en servicios ou outras unidades administrativas inferiores segundo se recolla, anualmente, no cadro de persoal (plantilla) que forma parte do orzamento xeral municipal.

Aos órganos superiores (Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local) corresponde a dirección, planificación e coordinación política das áreas de goberno. A dirección, planificación e coordinación política das áreas delegadas ou servicios, no seu caso, corresponde aos Concelleiros de Goberno e/ou Delegados. No suposto de que a acción de goberno nunha determinada área se delegue nun membro da Xunta de Goberno Local que non ostente a condición de Concelleiro, a súa denominación será a de Delegado municipal de Goberno. As funcións deste serán as fixadas no Decreto de nomeamento da Alcaldía.

Os titulares dos órganos superiores quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servicio das Administracións públicas ou en outras normas Estatais ou Autonómicas que resulten de aplicación.

Aos órganos directivos, que recibirán o nome de directores xerais ou o específico que se estableza para determinados órganos, corresponde a execución das decisións adoptadas polos órganos superiores, sen prexuízo das atribucións que lle sexan delegadas. As áreas de goberno ou delegadas terán a categoría

de servicios e serán dirixidas por un xefe de servicio que non terá a categoría de órgano directivo.

Excepcionalmente, cando así estea previsto no presente Regulamento ou nos Decretos do Alcalde relativos á organización administrativa, un órgano directivo poderá depender doutro órgano directivo do mesmo rango.

Artigo 9.- Creación, modificación e supresión de Áreas de goberno e unidades administrativas.

1. A determinación do número de áreas de goberno, a denominación específica de cada unha e o ámbito de competencias que por delegación corresponden a esa área de goberno, establecerase mediante Decreto polo Alcalde e, no seu caso, por acordo da Xunta de Goberno Local. En dito Decreto indicarase ademais os membros da Xunta de Goberno Local responsables das correspondentes áreas de Goberno.

2. A Alcaldía, dentro dos limites orzamentarios establecidos polo Pleno da Corporación con motivo da aprobación dos orzamentos, determinará o número e denominación das direccións xerais e asimiladas da estructura administrativa municipal.

3. As unidades administrativas de nivel inferior e os demais postos de traballo se crean, modifican e suprimen a proposta do titular da área de Goberno competente en materia de persoal, a través da relación de postos de traballo, que se aprobará de conformidade coa súa regulación específica.

4. A creación, modificación e supresión de órganos e unidades administrativas dos organismos públicos se realizará segundo as normas específicas contidas no presente Regulamento ou nos seus estatutos.

## TÍTULO II
## DO GOBERNO MUNICIPAL

Artigo 10.- Órganos superiores do Concello de Pontevedra.

Son órganos superiores do Concello de Pontevedra:

a) O Pleno e as súas Comisións.

b) O Alcalde.

c) A Xunta de Goberno Local.

d) Os Concelleiros de Goberno.

e) Os Delegados municipais de Goberno (membros da Xunta de Goberno Local non concelleiros).

f) Os Concelleiros Delegados de Goberno.

### CAPITULO I.
### DO PLENO

Artigo 11.- O Pleno.

O Pleno, como órgano que asume de modo directo a representación da colectividade local, designa ao Alcalde e fiscaliza a súa xestión e a de tódolos demais órganos municipais; a organización e funcionamento do Pleno e as súas comisións serán reguladas no seu propio Regulamento Orgánico.

### CAPÍTULO II.
### DO ALCALDE

Artigo 12.- O Alcalde.

1. O Alcalde ostenta a máxima representación do Concello. Sen prexuízo das funcións que lle asigne o Regulamento Orgánico do Pleno, convoca e preside as sesións da Xunta de Goberno Local, dirixe a política, o goberno e a administración municipal, sen prexuízo da acción colexiada de colaboración na dirección política que, mediante o exercicio das funcións executivas e administrativas, realice a Xunta de Goberno Local e exerce as demais funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico.

2. O Alcalde responde da súa xestión política ante o Pleno.

3. O Alcalde ten o tratamento de Excelencia.

Artigo 13.- Competencias do Alcalde.

1. Corresponden ao Alcalde as competencias que lle asigna a Lei reguladora das bases de réxime local, así como as que lle atribúan expresamente as leis ou aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia asignen ao concello e non se atribúan a outros órganos municipais.

2. En particular, corresponde ao Alcalde o exercicio das seguintes funcións:

a) Representar ao Concello.

b) Dirixir a política, o goberno e a administración municipal, sen prexuízo da acción colexiada de colaboración na dirección política que, mediante o exercicio das funcións executivas e administrativas que se son atribuídas pola Lei 7/1985, realice a Xunta de Goberno Local.

c) establecer directrices xerais da acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.

d) Convocar e presidir as sesións do Pleno e as da Xunta de Goberno Local e decidir os empates co voto de calidade.

e) Nomear e cesar aos Tenentes de Alcalde e os Concelleiros Presidentes dos Distritos.

f) Ordenar a publicación, execución e cumprimento dos acordos dos órganos executivos do Concello.

g) Dictar bandos, decretos e instruccións.

h) Adoptar as medidas necesarias e adecuadas en casos de extraordinaria e urxente necesidade, dando conta inmediata ao Pleno.

i) Exercer a superior dirección do persoal ao servicio da Administración municipal.

j) A xefatura da Policía Local.

k) Establecer a organización e estructura da Administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal, de acordo co disposto no parágrafo c) do apartado 1) do artigo 123 da Lei 7/1985.

l) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, en este suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación.

m) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos.

n) A autorización e disposición de gastos en materias da súa competencia.

ñ) As demais que lle atribúan expresamente as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Artigo 14.- Delegación de competencias.

1. O Alcalde poderá delegar mediante Decreto as competencias que lle atribúen as leis, nos termos establecidos en elas, na Xunta de Goberno Local, nos seus membros, nos demais concelleiros e, no seu caso, nos Directores Xerais e demais órganos directivos.

Así mesmo, o Alcalde poderá delegar ditas competencias nas Xuntas Municipais de Distrito ou nos seus Concelleiros Presidentes.

2. As delegacións de competencias que efectúe o Alcalde terán os seus efectos desde o día seguinte á data do Decreto, salvo que no mesmo se dispoña outra cousa, e sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, o Decreto sobre a delegación de atribucións, fixará o alcance e os cometidos específicos da mesma.

3. As delegacións xenéricas se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servicios correspondentes como a de xestionalos, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4. O Alcalde tamén poderá efectuar delegacións en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados, servicios determinados, etc.

Artigo 15.- Suplencias do Alcalde.

1. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade do Alcalde será substituído polos Tenentes de Alcalde pola orde do seu nomeamento.

Nestes casos, a suplencia se producirá sen necesidade de acto expreso declarativo ao respecto, debéndose dar conta ao Pleno desta circunstancia.

Non obstante, o Alcalde poderá determinar a forma en que esta suplencia se deba producir.

2. Nos supostos de substitución do Alcalde por razóns de ausencia ou enfermidade, o Tenente de Alcalde que asuma as súas funcións non poderá revocar as delegacións que houbera outorgado o primeiro.

Artigo 16.- Renuncia do Alcalde.

O Alcalde poderá renunciar ao seu cargo sen perder por elo a condición de Concelleiro. A renuncia deberá facerse efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, que deberá adoptar acordo de coñecemento de xeito regulamentario.

En tal suposto, a vacante se cubrirá na forma establecida

na lexislación electoral.

Artigo 17.- Bandos, Decretos e Instruccións.

1. Os bandos do Alcalde poden ser simplemente recordatorios dunha obriga ou deber contidos nas disposicións de carácter xeral, ou de adopción de medidas que excepcionen, singular e temporalmente, a aplicación das normas por razóns de extraordinaria urxencia. Serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello e por aqueles medios que se consideren oportunos para a información pública dos cidadáns.

Dos bandos do Alcalde adoptados por razóns da adopción de medidas excepcionais, se deberá dar conta inmediata ao Pleno.

2. As demais resolucións que adopte o Alcalde no exercicio das súas competencias se denominarán "Decretos do Alcalde".

3. O Alcalde, para garantir unha adecuada coordinación de tódolos servicios, poderá dirixir a actividade dos órganos e organismos que integran a Administración municipal mediante ordenes internas dirixidas aos servicios municipais que se denominarán "Instrucción do Alcalde". Estas instruccións se notificarán aos servicios afectados.

Artigo 18.- Gabinete do Alcalde.

1. Poderase crear o gabinete ou área do Alcalde que é o órgano de asistencia e asesoramento inmediato e permanente ao Alcalde e que realiza tarefas de confianza e asesoramento especial.

2. No Gabinete do Alcalde se integran os asesores e colaboradores do Alcalde, que serán nomeados e cesados libremente mediante Decreto do Alcalde, sempre que figuren creados na relación de postos de traballo.

3.- Dentro do gabinete ou área da Alcaldía se poderá integrar a Asesoría Xurídica, con autonomía funcional respecto do persoal de confianza e asesoramento especial adscrito á Alcaldía.

4. Para o cumprimento das súas funcións, o xefe do Gabinete poderá solicitar de tódolos órganos do Concello de Pontevedra canta información considere necesaria.

## CAPITULO III.

## DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Artigo 19.- Natureza e denominación.

1. A Xunta de Goberno Local é o órgano que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a este corresponde e que exerce as funcións executivas e administrativas que lle atribúen as leis e especificamente o artigo 127 da Lei Reguladora das bases de réxime local.

2. No Concello de Pontevedra a Xunta de Goberno Local se denominará "Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra".

Artigo 20.- Composición e nomeamento.

1. Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, da que o seu número non poderá exceder dun tercio do número legal de membros do Pleno,

ademais do Alcalde.

2. O Alcalde poderá nomear como membros da Xunta de Goberno Local a persoas que non ostenten a condición de Concelleiro, sempre que o seu número non supere un tercio dos seus membros, excluído o Alcalde. Os seus dereitos económicos e prestacións sociais serán as dos membros electivos.

3. De entre os membros da Xunta de Goberno Local que ostenten a condición de Concelleiro, o Alcalde designará ao Concelleiro Secretario, quen redactará as actas das sesións e certificará sobre os seus acordos.

Nos supostos de ausencia, abstención ou enfermidade do Concelleiro Secretario será substituído polo Concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local, que determine o Alcalde.

4. O Interventor Xeral municipal e o Secretario da Administración Municipal serán convocados a tódalas sesións da Xunta de Goberno Local.

Artigo 21.- Atribucións.

1. Corresponden á Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra as competencias que lle atribúe a Lei reguladora das bases de réxime local no artigo 127, e as demais que lle correspondan de acordo coas disposicións legais vixentes e, en especial, as seguintes:

A) <u>En materia regulamentaria</u>:

a) Aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos.

b) Aprobación dos proxectos de regulamentos orgánicos, excepto das normas reguladoras do Pleno e as súas comisións.

B) <u>En materia de persoal</u>:

a) A xestión do persoal.

b) Aprobar a relación de postos de traballo.

c) Aprobar as retribucións do persoal de acordo co orzamento aprobado polo Pleno.

d) Aprobar a oferta de emprego público.

e) Aprobar as bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.

f) Aprobar o número e réxime do persoal eventual.

g) Aprobar a separación do servicio dos funcionarios do Concello.

h) Aprobar o despido do persoal laboral.

i) Nomeamento e cese dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal, coas excepcións que a lei prevé para os funcionarios de habilitación nacional no artigo 99 e disposición adicional oitava da vixente Lei reguladora das bases de réxime local e demais normativa legal aplicable.

j) Réxime disciplinario do persoal e demais decisións en materia de persoal que non estean atribuídas a outro órgano.

C) <u>En materia de contratación</u>:

As contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, a ampliación do número de anualidades e a modificación das porcentaxes de gastos plurianuais, conforme co orzamento e as súas bases de execución.

D) En materia de patrimonio:

A xestión, adquisición e alleamento do patrimonio.

E) En materia orzamentaria:

a) A aprobación do proxecto de orzamento xeral.

b) O desenvolvemento da xestión económica.

c) Autorizar e dispoñer gastos en materia da súa competencia e dispor gastos previamente autorizados polo Pleno.

d) Concertar operacións de crédito, de acordo co orzamento e as súas bases de execución.

F) En materia urbanística:

a) A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística dos cales a aprobación definitiva ou provisional corresponda ao Pleno.

b) As aprobacións dos instrumentos do planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

G) En materia de licencias:

A concesión de calquera tipo de licencia, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.

H) En outras materias:

a) O exercicio da potestade sancionadora, salvo que por Lei este atribuída a outro órgano.

b) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.

c) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos.

d) As demais que lle correspondan, de acordo coas disposicións legais vixentes.

2. As relacións dos postos de traballo se aprobarán e modificarán pola Xunta de Goberno Local a proposta da Área competente na materia de persoal. Ditas relacións deberán incluír, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, a denominación, tipo e sistema de provisión, as retribucións complementarias que lle correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.Estas modificacións deberán respectar as limitacións sobre crecemento do cadro de persoal que establezan, no seu caso, as leis do orzamentos xerais do Estado, así como as demais limitacións que establezan as Bases de Execución do orzamento do Concello e disposicións que resulten de aplicación.

As relacións de postos de traballo serán públicas.

Os postos de traballo de todo o persoal do Concello se fixarán e actualizarán anualmente no cadro de persoal que acompaña ao orzamento xeral, de conformidade co previsto no artigo 14.5 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública.

3.- Para a composición dos tribunais estarase ao disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985.

Artigo 22.- Delegación de competencias.

1. As competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra poderán ser delegadas nos membros da Xunta de Goberno, nos concelleiros, nos Directores xerais e demais órganos directivos, de acordo co que dispoñan as normas de atribución desas competencias.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local poderá delegar ditas competencias nas Xuntas municipais de Distrito ou nos concelleiros Presidentes dos mesmos.

2. As delegacións que acorde a Xunta de Goberno Local se rexerán polas disposicións contidas no presente Regulamento referentes ás delegación de competencias do Alcalde.

Artigo 23.- Sesión e convocatoria.

1. As sesións da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra terán lugar previa convocatoria para os efectos realizada polo Alcalde, podendo ser ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

2. A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, á que se achegará a orde do día, se realizará con unha antelación mínima de 24 horas, mediante remisión da mesma aos seus membros.

3. As sesión extraordinarias se convocarán por decisión do Alcalde.

4.- Para a válida constitución da Xunta de Goberno Local a efectos de levar a cabo as sesións, deliberacións e toda clase de acordos, se requirirá a presencia do Alcalde, do Concelleiro Secretario ou, no seu caso, de quen legalmente os substitúan e da maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, que o número de membros da mesma que ostenten a condición de concelleiro presentes sexa superior o número daqueles membros que non ostenten dita condición.

5. As sesión extraordinarias de carácter urxente quedarán validamente constituídas, sen convocatoria previa, cando así o decida o Alcalde e estean presentes tódolos os seus membros.

6. A Xunta de Goberno Local se reunirá con carácter ordinario con unha periodicidade semanal, sen prexuízo do que se dispoña nas normas que aprobe, no seu caso, a Xunta de Goberno Local para o seu propio funcionamento e para a adecuada preparación das propostas e resolucións que deba adoptar. As sesión se celebrarán no edificio municipal no que teña a sede a Alcaldía, salvo casos de forza maior.

7. Ás sesións poderán asistir os concelleiros non pertencentes á mesma, os titulares dos órganos directivos e o Secretario da Administración Municipal cando sexan convocados expresamente polo Alcalde.

Artigo 24. Relación de asuntos.

1. O Concelleiro Secretario, seguindo as instruccións do Alcalde, elaborará a orde do día, na que se incluirán os asuntos que teñan que ser tratados pola Xunta de Goberno Local.

2. Por razóns de urxencia se poderá someter á Xunta de Go-

berno Local unha relación de asuntos non incluídos na orde do día.

3. A Xunta de Goberno Local non coñecerá asuntos que non estean incluídos en algunha das relacións contempladas anteriormente salvo que, presentados ao Alcalde inmediatamente antes de ter lugar a sesión, este os admita e os seus membros o acorden por unanimidade.

Artigo 25.- Deliberacións.

As deliberacións da Xunta de Goberno Local son secretas. Os asistentes á Xunta de Goberno Local están obrigados a gardar segredo sobre as opinións e votos emitidos no transcurso das sesións, así como sobre a documentación a que poidan ter acceso por razón do seu cargo.

Artigo 26.- Expedientes.

1. Constitúen os expedientes da Xunta de Goberno Local, ademais dos trámites preceptivos, o acordo, a proposta e as copias dos informes.

2. Unha vez formalizados os acordos, os expedientes da Xunta de Goberno Local estarán a disposición dos membros da Corporación na Secretaría Municipal da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo de que en calquera momento poidan pedir información sobre o expediente orixinal ao titular da área competente para tramitar a petición de información.

Artigo 27.- Actas.

1. Os acordos da Xunta de Goberno Local deberán constar en acta, que estenderá o Concelleiro Secretario.

2. Na acta de cada sesión farase constar, como mínimo, a fecha e hora de comezo e fin; os nomes do Presidente e demais asistentes; os asuntos tratados; o resultado dos votos emitidos e os acordos adoptados.

3. O Concelleiro Secretario remitirá a acta os demais membros da Xunta de Goberno Local xunto coa convocatoria da seguinte sesión ordinaria, remitíndose tamén aos portavoces dos Grupos Políticos, concelleiros non adscritos e o Interventor Xeral.

Artigo 28.- Forma dos acordos.

1. As decisións que adopte a Xunta de Goberno Local no exercicio das súas competencias revestirán a forma de Acordo denominándose "Acordos da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra".

2. Os acordos da Xunta de Goberno Local serán asinados polo Alcalde e polo Concelleiro Secretario.

Artigo 29.- Publicidade dos acordos.

1. Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local se publicarán e notificarán na forma prevista na lei.

2. Para facilitar a súa divulgación estarase ao disposto ao respecto nas normas orgánicas de participación cidadán.

Artigo 30.- Certificación dos acordos.

A certificación dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local corresponderá ao Concelleiro que ostente a condición

de Secretario.

Artigo 31.- Comisións Delegadas.

1. A Xunta de Goberno Local poderá decidir a constitución de Comisións Delegadas, de carácter permanente ou temporal, para a preparación e estudio dos asuntos que afecten á competencia de dúas ou máis Áreas ou Distritos, a elaboración de directrices de programas ou actuacións de interese común e en xeral, o estudio de cantas cuestións estime adecuados.

2. O acordo de constitución dunha Comisión Delegada determinará o seu carácter permanente ou temporal, membros da Xunta de Goberno, de entre os que se designará o seu presidente e, de se-lo caso, os concelleiros que a integran, así como as funcións que se lle atribúan.

3. As deliberacións das Comisións Delegadas serán secretas.

4. Os acordos destas Comisións revestirán a forma de Dictame.

Artigo 32.- Relacións co Pleno.

1. As relacións da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra e dos seus membros co Pleno se rexerán polo previsto ao respecto polo Regulamento Orgánico deste.

2. Os membros da Xunta de Goberno Local non concelleiros poderán asistir ás sesións do Pleno e intervir nos debates, sen prexuízo das facultades de ordenación que corresponden o seu Presidente.

Artigo 33.- Responsabilidade Política.

1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.

2. A responsabilidade política da Xunta de Goberno Local é esixible por medio da moción de censura ao Alcalde e da cuestión de confianza presentada por este, que se sustanciarán segundo o previsto na lexislación de réxime electoral.

Artigo 34.- Delegación de competencias e responsabilidade.

A delegación de competencias do Alcalde nun concelleiro ou noutro órgano non exime a aquel de responsabilidade política ante o Pleno. O mesmo criterio é aplicable aos casos en que a Xunta de Goberno Local ou os seus membros teñan delegadas atribucións da súa competencia.

## CAPÍTULO IV.

## DOS TENENTES DE ALCALDE.

Artigo 35.- Tenentes de Alcalde.

1. O Alcalde poderá nomear entre os concelleiros que formen parte da Xunta de Goberno Local aos Tenentes de Alcalde, que o substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, segundo as disposicións contidas no presente Regulamento.

2. Os Tenentes de Alcalde exercerán as competencias que lles delegue o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local e poderán

ostentar ou non a titularidade dunha Área de Goberno.

3. Os Tenentes de Alcalde terán o tratamento de Ilustrísima.

## CAPÍTULO V.
## DOS CONCELLEIROS CON RESPONSABILIDADES DE GOBERNO.

Artigo 36.- Concelleiros de Goberno e Delegados municipais de Goberno.

Son Concelleiros de Goberno e Delegados municipais de Goberno aqueles membros da Xunta de Goberno Local aos que o Alcalde asigne funcións de dirección, planificación ou coordinación política, sen prexuízo das atribucións que lles correspondan en canto membros da Xunta de Goberno Local e as demais competencias que lles delegue o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local.

Artigo 37.- Funcións dos Concelleiros de Goberno e dos Delegados municipais de Goberno.

Aos Concelleiros de Goberno e aos Delegados municipais de Goberno corresponde a dirección dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa Área de Goberno e en particular as seguintes funcións:

a) Exercer a representación, dirección, xestión e inspección da área da que sexan titulares.

b) Fixar os obxectivos da área da súa competencia, aprobar os planos de actuación da mesma e asignar os recursos necesarios para a súa execución, de acordo coas normas orzamentarias correspondentes.

c) Elevar ao Pleno as propostas que lles correspondan no ámbito das competencias da súa área.

d) Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de disposicións de carácter xeral e demais propostas que correspondan no ámbito das súas competencias.

e) Propoñer ao Alcalde a aprobación dos proxectos de organización e estructura da súa área.

f) Avaliar a execución dos planos de actuación da área por parte dos órganos directivos e exercer o control de eficacia respecto da súa actuación.

g) Exercer a superior inspección e as demais funcións que lles atribúe a Lei reguladora das bases de réxime local a respecto dos organismos públicos adscritos a súa área.

h) Exercer a superior autoridade sobre o persoal da súa área, sen prexuízo das competencias que nesta materia correspondan ao Alcalde respecto de todo o persoal ao servicio do Concello ou o Concelleiro de Goberno que teña competencias en materia de persoal.

i) Resolver os conflictos entre os órganos directivos dependentes da súa área.

j) Propoñer á Xunta de Goberno Local o nomeamento dos titulares dos órganos directivos da súa área.

k) As demais que lles atribúan no presente Regulamento e demais disposicións legais ou regulamentarias vixentes.

Artigo 38.- Concelleiros Delegados.

1. Son Concelleiros Delegados aqueles Concelleiros que non forman parte da Xunta de Goberno Local aos que o Alcalde asigne, baixo a superior dirección dun Concelleiro de Goberno, a dirección e impulsión dun determinado ámbito de funcións da competencia destes, sen prexuízo das demais competencias que lles deleguen o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local.

2. O Concelleiros Delegados quedan sometidos ás disposicións contidas no presente Regulamento referentes á responsabilidade política da Xunta de Goberno Local e os seus membros.

Artigo 39.- Funcións dos Concelleiros Delegados.

1. Aos Concelleiros Delegados corresponde a dirección dos ámbitos da actividade administrativa integrada na súa área ou delegación e, en particular, as seguintes competencias:

a) Exercer a representación, dirección, xestión e inspección da área da que sexan titulares.

b) Avaliar a execución dos planos de actuación da área por parte dos órganos directivos e exercer o control de eficacia respecto da súa actuación.

c) Exercer a superior inspección e as demais funcións que lles atribúe a Lei reguladora das bases de réxime local e estatutos a respecto dos organismos públicos adscritos a súa área.

d) Exercer a superior autoridade sobre o persoal da súa área, sen prexuízo das competencias que nesta materia correspondan ao Alcalde respecto de todo o persoal ao servicio do Concello ou o Concelleiro de Goberno que teña competencias en materia de persoal.

e) Resolver os conflictos entre os órganos directivos dependentes da súa área.

f) As demais que lles atribúan no presente Regulamento e demais disposicións legais vixentes.

2. Os Concelleiros Delegados responden ante o órgano superior inmediato do que dependan do cumprimento dos obxectivos que se asignen a súa Área ou delegación.

3. A condición de Concelleiro Delegado pérdese nos seguintes casos:

a) Por renuncia expresa, formulada por escrito ante a Alcaldía.

b) Por revogación da delegación, adoptada polo Alcalde ou pola Xunta de Goberno Local coas mesmas formalidades previstas para o outorgamento.

Artigo 40.- Forma dos actos.

As resolucións administrativas que adopten os Concelleiros de Goberno e Delegados municipais de Goberno e, no seu caso, Delegados de Goberno, revestirán a forma de "Resolución do Concelleiro" correspondente.

## CAPITULO V.
## ÓRGANOS DESCONCENTRADOS.

Artigo 41.- Dos órganos desconcentrados.

Os órganos desconcentrados existentes no Concello de Pontevedra regularanse no Regulamento orgánico do Pleno ou no seu propio Regulamento.

## TITULO III.

## DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

### Artigo 42.- Órganos directivos esenciais da estructura administrativa municipal.

1. Teñen a consideración de órganos directivos esenciais da estructura administrativa do Concello de Pontevedra:

a) O Secretario do Pleno e as súas Comisións.

b) O Secretario da Administración Municipal (Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).

c) O Interventor Xeral municipal.

d) O titular do órgano de xestión orzamentaria e de contabilidade.

e) O titular do órgano de Xestión Tributaria e Financeira.

f) O titular da Asesoría Xurídica

g) Os Directores Xerais de cada área municipal.

h) As Direccións e Xerencias dos organismos autónomos ou entidades públicas empresariais dependentes do Concello de Pontevedra.

i) Cando así se estime necesario ou oportuno poderán crearse tamén Coordinadores Xerais que terán a consideración de órganos directivos.

2. A regulación do Secretario do Pleno farase no correspondente regulamento orgánico que regule o Pleno.

3. A regulación dos Directores e Xerentes de organismos autónomos ou entidades empresariais dependentes do Concello de Pontevedra, farase no presente Regulamento e nos correspondentes estatutos.

### Artigo 43.- Nomeamento dos titulares dos órganos directivos.

1. Os cargos directivos aos que se fixo referencia serán nomeados e cesados pola Xunta de Goberno Local, excepto o Secretario do Pleno e das súas Comisións que será nomeado polo Alcalde.

2. A provisión dos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional se efectuará polo procedemento previsto no artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais normas de aplicación para a libre designación e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública.

3. O nomeamento dos demais titulares de órganos directivos deberá efectuarse, de conformidade co previsto no artigo 130.3 da Lei reguladora das bases de réxime local, entre funcionarios de carreira do Estado, das Comunidades Autónomas, das Entidades locais ou funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto

ou equivalente, salvo que no instrumento de estructuración da área se prevea, en atención ás características especificas do posto de directivo, que o seu titular non reúna a condición de funcionario.

Neste último caso, os nomeamentos deberán efectuarse motivadamente e segundo os criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

4. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante, serán substituídos polo funcionario que designe o Alcalde, salvo o que se especifica para supostos de suplencia entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Artigo 44.- Forma dos actos.

1. As decisións administrativas que adopten os órganos directivos revestirán a forma de Resolución.

2. As Resolucións se publicarán e notificarán de acordo co disposto na normativa vixente.

## CAPITULO I.
## DOS DIRECTORES XERAIS

Artigo 45.- Directores Xerais.

1. Dentro da estructura administrativa do Concello de Pontevedra poderán existir Directores Xerais ou órganos similares, que son os titulares dos órganos directivos aos que corresponde a dirección e xestións dun ou varios ámbitos de competencias funcionalmente homoxéneas.

2. Con carácter xeral, corresponden aos Directores Xerais nos seus respectivos ámbitos de responsabilidade e baixo a dependencia directa da respectiva Concellería, as seguintes funcións:

a) A dirección e xestión dos servicios da súa competencia.

b) A dirección e coordinación das unidades orgánicas adscritas á mesma, cuxa xefatura inmediata ostentan.

c) A elaboración de proxectos de disposicións, acordos e convenios respecto das materias do seu ámbito de funcións.

d) O asesoramento xurídico naqueles expedientes ou materias nas que a súa tramitación lle estea encomendada, emitindo ou conformando os informes e propostas de resolución confeccionadas polas xefaturas de servicio ou unidades inferiores.

e) A preparación, tramitación e aprobación de contratos menores e negociados sen publicidade que leve a cabo o seu servicio ou unidade.

f) A elaboración, seguimento e control do orzamento anual que se lle asigne.

g) A avaliación dos servicios da súa competencia.

h) As que lle deleguen os demais órganos municipais.

i) Aquelas funcións complementarias que lles poidan ser asignadas na relación de postos de traballo ou calquera outras de natureza similar.

3. Corresponderá ao Pleno da corporación o establecemento

e aprobación das retribucións dos Directores Xerais e ao Alcalde a determinación do seu número dentro dos límites orzamentarios establecidos con motivo da aprobación do orzamento e cadro de persoal.

## CAPITULO II.

## DO ÓRGANO DE APOIO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Artigo 46.- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o Concelleiro Secretario.

1. No ámbito do Concello de Pontevedra o órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario, se denomina Secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra.

2. O Secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra ten carácter directivo e será nomeado entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da Subescala de Secretaría categoría superior, polo procedemento regulado na súa normativa específica polo sistema de libre designación.

3. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante será substituído polo Secretario Xeral do Pleno. No suposto de vacante, polo tempo imprescindible para a provisión da praza polo sistema legal aplicable previsto no apartado anterior.

Artigo 47.- Funcións do Secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra.

Ao Secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra correspóndelle o exercicio das funcións sinaladas no artigo 126.4 e Disposición adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local.

Artigo 48.- Funcións de asistencia técnica á Xunta de Goberno Local.

Como tal correspóndelle:

a) O apoio á Xunta de Goberno Local. Consiste na asistencia xurídica e administrativa directa e inmediata á Xunta de Goberno Local no seu conxunto, sen prexuízo do asesoramento xurídico xeral que lle corresponde á Asesoría Xurídica do Concello.

b) A asistencia ao Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, consistente na asistencia xurídica e técnica ao mesmo para o desenvolvemento dos seus cometidos.

c) A recepción de tódolos expedientes que as distintas áreas, servicios ou unidades eleven para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local e, previa comprobación de que se encontran terminados de conformidade coa lexislación vixente redactar o borrador de expedientes e asuntos susceptibles de ser incluídos na orde do día das sesión da Xunta de Goberno Local.

d) A asistencia ao Alcalde e o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local para a formación e preparación dos asuntos da orde do día da mesma.

e) A remisión da convocatoria aos membros da Xunta de Goberno Local, autorizando coa súa firma a notificación das mesmas.

f) O arquivo e custodia das convocatoria, ordes do día e actas das sesións e expedientes da Xunta de Goberno.

g) Velar pola correcta e fiel comunicación dos acordos. Dentro de este cometido está o asesoramento e proposición de redacción da comunicación e, no seu caso, certificación dos acordos, cos requisitos que esixe a lexislación vixente, coidando da remisión e notificación aos órganos e interesados que a deban cumprir, xunto coa documentación pertinente.

h) Remisión á Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma da copia ou, no seu caso, extracto, dos actos e acordos dos órganos decisorios do Concello, salvo os acordos do Pleno e das súas comisións con atribucións delegadas que lle corresponde ao Secretario Xeral do Pleno.

Artigo 49.- Funcións de fe pública xeral municipal.

Ao amparo do establecido no parágrafo d) da Disposición adicional oitava da Lei reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, corresponde ao titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local as funcións de fe pública xeral municipal. Ditas funcións serán exercidas co contido definido no Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. Estas funcións serán exercidas directamente polo órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo de que poida delegar en caso necesario o seu exercicio en outros funcionarios do Concello de Pontevedra. Como tal, correspóndelle:

a) A fe pública dos actos e acordos dos órganos unipersoais. Esta función consiste en autorizar, redactar e custodiar o Libro de Decretos da Alcaldía e demais órganos unipersoais que dicten resolucións con competencias propias ou delegadas, así como certificar dos mesmos e de tódolos antecedentes, libros e documentos do Concello.

b) A Secretaría de tódolos órganos colexiados decisorios da Corporación e os seus organismos autónomos ou cando os seus acordos vinculen á mesma, excluídos o Pleno e as súas Comisións, a Xunta de Goberno Local, o Consello de Administración das entidades públicas empresariais e o órgano de reclamacións económico-administrativas.

c) A fe pública en materia de contratación, formalizando tódolos contratos e documentos administrativos análogos en que interveña o Concello.

d) Dirixir o Rexistro Xeral do Concello.

Artigo 50.- Funcións complementarias.

Son funcións complementarias todas aquelas que lle poida encomendar o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local relacionadas coas funcións que desenvolve, así como calquera outra de natureza similar.

A organización de tódalas áreas, servicios, unidades, etc. comportará a xefatura do persoal das mesmas, sen prexuízo das atribucións que correspondan ao Alcalde e Concelleiro de Goberno titular da área correspondente.

## CAPITULO III.

## DA ASESORÍA XURÍDICA.

Artigo 51.- Concepto.

1. A Asesoría Xurídica é o órgano encargado da asistencia xurídica do Concello de Pontevedra e dos seus organismos públicos, sen prexuízo das funcións atribuídas pola lexislación vixente a outros órganos municipais.

2. O titular da Asesoría Xurídica ostenta a tódolos efectos a categoría de órgano directivo.

Artigo 52- Organización.

1. A Asesoría Xurídica se adscribe ao Gabinete da Alcaldía ou á Alcaldía do Concello se aquel non estivera creado.

A Asesoría Xurídica está integrada polo Director e/ou letrados dos servicios xurídicos do Concello de Pontevedra e o resto do persoal funcionario que integran as diferentes unidades dependentes daquela.

Artigo 53- Dirección da Asesoría Xurídica.

1. O Director da Asesoría Xurídica asume a dirección do servicio xurídico do Concello de Pontevedra e os seus organismos públicos, e en tal concepto correspóndelle a dirección, coordinación e inspección das funcións encomendadas aos servicios xurídicos municipais, sen prexuízo das que estean atribuídas ao Secretario Xeral do Pleno.

2. O órgano directivo da Asesoría Xurídica será nomeado e separado pola Xunta de Goberno Local, entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de licenciado en dereito.

b) Ostentar a condición de funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades locais, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equiparable.

3. A Asesoría Xurídica e as unidades que a forman, desenvolven as súas funcións baixo a superior e única dirección da Alcaldía da que depende organicamente.

4. De acordo coa lexislación de contratos das Administracións públicas, corresponde á Asesoría Xurídica formar parte das mesas de contratación do Concello e dos organismos públicos, podendo a tal efecto ser substituído por funcionarios, licenciados en Dereito, habilitados para os efectos.

5. En casos de ausencia, enfermidade ou vacante do titular do órgano da Asesoría Xurídica, será substituído por outro letrado municipal que designe o Alcalde. No suposto de vacante, a substitución será polo tempo imprescindible para cubrir a praza polo sistema legal aplicable.

Artigo 54- Funcións.

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Pontevedra e dos seus organismos públicos.

Artigo 55- Exercicio da función contenciosa.

A representación e defensa en xuízo do Concello de Pontevedra e dos seus organismos públicos ante calquera ordenes e órganos xurisdiccionais, corresponde á Asesoría Xurídica, de conformidade co disposto nas normas procesuais aplicables, salvo que designe avogado colexiado que lles represente e defenda, de conformidade co disposto no apartado terceiro do artigo 551 da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Artigo 56- Exercicio das funcións consultivas.

1. Corresponde a Asesoría Xurídica informar, con carácter previo e preceptivo, nos seguintes asuntos:

a) Os proxectos de ordenanzas e regulamentos.

b) Os convenios que celebre o Concello de Pontevedra e os seus organismos públicos.

c) Os modelos de prego tipo, os pregos de cláusulas administrativas particulares, os acordos sobre modificación, resolución e interpretación dos contratos administrativos, a preparación dos contratos de asistencia técnica que teñan por obxecto o asesoramento xurídico externo, e nos demais supostos en que a lexislación sobre contratación administrativa esixa informe preceptivo da Asesoría Xurídica.

d) Bastanteo dos poderes para actuar que presenten os particulares ante o Concello e os seus organismos públicos.

e) Os acordos sobre exercicio de accións xudiciais.

f) As propostas de resolución nos procedementos de declaración de lesividade.

g) Plantexamento de conflictos de xurisdicción aos xulgados e tribunais.

h) Calquera outro asunto respecto do cal a lexislación vixente esixa informe xurídico con carácter preceptivo.

2. Así mesmo, o Alcalde, os membros da Xunta de Goberno Local, os órganos directivos municipais e dos organismos públicos, poderán consultar á Asesoría Xurídica sobre calquera cuestión xurídica relacionada con asuntos da súa competencia, precisando os puntos de deben ser obxecto de asesoramento.

3. Os informes da Asesoría Xurídica non son vinculantes e se emitirán no prazo de dez días, salvo que o prazo do procedemento esixa outro menor e así se faga constar na solicitude de informe.

## CAPITULO IV.
## DO ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.

Artigo 57.- Órgano de xestión orzamentaria e contabilidade.

1. As funcións de xestión orzamentaria e contabilidade se exercerán por un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala Intervención- Tesou-

rería de categoría superior, que terá carácter directivo e nomeado polo procedemento de libre designación.

2. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante será substituído polo funcionario do servicio que designe o Alcalde a proposta do Órgano de xestión orzamentaria e contabilidade. No suposto de vacante, polo tempo imprescindible para a provisión da praza polo sistema legal aplicable.

3. As funcións de presupostación comprenden as seguintes actividades, sen prexuízo das demais que lle poida delegar o Alcalde ou das complementarias asignadas na relación de postos de traballo:

a) A elaboración do anteproxecto de Orzamento xeral do Concello de Pontevedra para a súa aprobación, como proxecto, pola Xunta de Goberno Local.

b) A definición e mantemento da estructura orzamentaria.

c) A incoación dos expedientes de crédito extraordinarios e suplementos de crédito, así como elevar a proposta de resolución ao órgano competente. A tramitación, análise e seguimento de tódolos expedientes de modificacións orzamentarias.

d) O seguimento, xestión e a ordenación xeral do proceso de execución do orzamento.

e) A coordinación e asesoramento en materia orzamentaria das distintas áreas, Organismos autónomos, Sociedades mercantís e demais entidades públicas do Concello.

g) A realización dunha memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados.

h) Elaborar e, no seu caso, elevar a proposta de aprobación ao órgano competente de planos financeiros que houberan de se realizar pola Administración municipal.

i) As demais competencias relacionadas co Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra.

4. A función contable, que se axustará en todo caso as previsións que nesta materia se conteñen no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, comprenderá:

a) A coordinación das funcións  ou actividades contables do Concello, con arranxo ao plan de contas ao que se refire o artigo 114 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

b) A xestión da contabilidade financeira, mediante o desenvolvemento e levanza da mesma, e o seguimento, en termos financeiros, da execución dos orzamentos, correspondéndolle o rexistro contable da totalidade das operacións do ciclo orzamentario.

c) Organizar e dirixir a contabilidade dos organismos públicos e sociedades mercantís dependentes do Concello e centralizar a información contable a efectos dos estados e contas anuais.

d) A explotación do sistema de información contable e deseñar os mecanismos para realizar as operacións oportunas para

garantir e protexer a integridade, coherencia e confidencialidade dos datos contidos nos sistemas de información contable.

e) Subministrar información, preparar e formular os estados contables demostrativos dos resultados orzamentarios e económico-financeiros a que se refire o artigo 205 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Lei Reguladora das Facendas Locais.

f) A preparación e redacción da Conta Xeral do orzamento, así como a formulación da liquidación do orzamento anual.

g) Subministrar a información necesaria para a medición do grao de realización dos obxectivos orzamentarios previstos.

h) Calquera outra de natureza similar.

5. Corresponde ao titular do órgano directivo competente na materia orzamentaria a emisión do informe de contido orzamentario ao que se refire o artigo 101.3 e a disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

6. A dirección dos servicios a que se refire o apartado anterior, comportará a xefatura do persoal adscrito aos mesmos, sen prexuízo do disposto no artigo 124.4.i) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e da superior dirección do titular da área da que dependan organicamente.

## CAPITULO V.
## DA INTERVENCIÓN XERAL

### Artigo 58.- Intervención xeral municipal.

1.- Definición:

A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que de aqueles se deriven, e a recadación, inversión e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

2.- Ámbito de aplicación:

A función interventora se exercerá polo Interventor Xeral municipal e polos seus interventores delegados na súa triple acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

Os funcionarios que teñan ao seu cargo a función interventora así como os que designe para levar a efecto os controles financeiro e de eficacia, exercerán a súa función con plena independencia e poderán solicitar cantos antecedentes consideren necesarios, efectuar o exame e comprobación dos libros, contas e documentos que se consideren precisos, verificar arqueos e recontos e solicitar de quen corresponda cando a natureza do acto, documento ou expediente que deba ser intervido o requira, os informes técnicos e asesoramento que estime

necesarios.

3.- Modalidades:

A función interventora se exercerá nas súas modalidades de intervención formal e material. A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo, mediante o exame de todos os documentos que, preceptivamente, deban estar incorporados ao expediente. E na intervención material se comprobará a real e efectiva aplicación dos fondos públicos, debendo en todo caso seguir o procedemento establecido no art. 110 do RDL 2/2000 de 16 de xuño.

4.- O exercicio da función interventora comprenderá:

a) A fiscalización, nos termos previstos na lexislación, de todo acto, documento ou expediente que de lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico ou que poidan ter repercusión financeira ou patrimonial, emitindo o correspondente informe ou formulando, no seu caso, os reparos procedentes.

b) A intervención formal da ordenación do pago e da súa realización material.

c) A comprobación formal da aplicación das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servizos.

d) A recepción, exame e censura dos xustificantes dos mandamentos expedidos a xustificar, reclamándoos ao seu vencemento.

e) A intervención dos ingresos e fiscalización de todos os actos de xestión tributaria.

f) O informe de fiscalización dos proxectos de presupostos e dos expedientes de modificación de créditos dos mesmos.

g) Informe de fiscalización sobre operacións de Tesourería e operacións de crédito a corto e largo prazo.

h) Informe de fiscalización da liquidación e conta xeral.

i) A emisión de informes, dictames e propostas que en materia económico-financeira e orzamentaria fosen solicitadas pola Presidencia, por un tercio dos Concelleiros ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial, así como o dictame sobre a procedencia de novos servizos ou reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira das respectivas propostas. Se no debate se plantexa algunha cuestión sobre cuxas repercusións orzamentarias puidera dubidarse, poderán solicitar ao Presidente o uso da palabra para asesorar á Corporación.

j) A realización das comprobacións ou procedementos de auditoría interna nos Organismos autónomos ou Sociedades mercantís dependentes da Entidade con respecto ás operacións non suxeitas a intervención previa, así como o control de carácter financeiro dos mesmos, de conformidade coas disposicións e directrices que os rexan e os acordos que ao respecto adopte a Corporación.

k) Asistencia ás mesas de contratación.

5.- O control financeiro terá por obxecto comprobar o funcionamento no aspecto económico-financeiro dos servizos das entidades locais, do seus organismos autónomos e das sociedades mercantís de elas dependentes.

Dito control terá por obxecto informar acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grado de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.

Como resultado do control efectuado emitirase informe escrito no que se faga constar cantas observacións e conclusións se deduzan do exame practicado. Os informes, conxuntamente coas alegacións efectuadas polo órgano auditado, serán enviados ao Pleno para o seu exame.

6.- O control de eficacia terá por obxecto a comprobación periódica do grado de cumprimento dos obxectivos, así como o análise do custo de funcionamento e do rendemento dos respectivos servizos ou inversións.

7.- Responsabilidade persoal.

Os ordenadores da gastos e de pagos, en todo caso, e os interventores das entidades locais, cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, serán persoalmente responsables de todo gasto que autoricen e de toda obriga que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente.

8.- Reparos:

Se no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestara en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución.

Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

Non obstante, o disposto no apartado anterior corresponderá ao Pleno a resolución de discrepancias si se basean en insuficiencia ou inadecuación de crédito ou se refiran a obrigas ou gastos que sexan da súa competencia.

O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade local contrarias a os reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.

9.- Nomeamento, substitución e medios persoais e materiais:

a) O titular da intervención xeral ten carácter directivo, e será nomeado entre funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, subescala Intervención-Tesourería categoría superior, polo procedemento de libre designación.

b) Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante e atendendo á importancia das súas funcións, será exercida pola

viceinterventora debendo este titular ser substituído previamente noutro funcionario do propio servizo aquelas funcións que resulten incompatibles.

c) Quen ostente a responsabilidade administrativa das funcións referidas anteriormente, terá ao seu cargo a dirección e coordinación das unidades administrativas encargadas da súa realización sen prexuízo das atribucións dos órganos de goberno do Concello en materia de organización e dirección dos seus servizos administrativos.

d) Como función complementaria a Intervención Xeral exercerá as funcións de coordinación do Área Económica, sen perxuizo das atribucións que lle correspondan a cada un dos distintos órganos directivos integrados na devandita área.

e) Corresponde ao titular de dito órgano formular as propostas técnicas que considere necesarias para o desenvolvemento de tales funcións a os efectos da súa inclusión nas Bases de Execución do presuposto e noutras normas que poida establecer a Corporación en exercicio da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, e, en todo caso, informar as que puideran formular outros órganos directivos en canto se refiren ou afecten ás funcións indicadas.

f) A intervención xeral municipal será citada a todas as sesións do Pleno, as Comisións informativas e á Xunta de Goberno Local, así como a todas as sesións que celebren os organismos autónomos ou entidades públicas empresariais locais si existisen, para cumprir coas obrigas que lles impoñen este artigo e para informar cando os membros da corporación soliciten o seu parecer.

A tales efectos a Intervención disporá e se lle dotará dos medios persoais e materiais suficientes para o mellor cumprimento de estas funcións.

CAPITULO VI.

DO ÓRGANO DE TESOURERÍA E XESTIÓN TRIBUTARIA

Artigo 59.- Órgano de tesourería e xestión tributaria

1.- As funcións públicas de xestión financeira, xestión tributaria e recadación de ingresos do Concello de Pontevedra serán exercidas polo órgano directivo de tesourería e xestión tributaria e financeira, do que o seu titular terá a condición de funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional pertencente á Subescala de Intervención-tesourería, nomeado polo procedemento de libre designación.

2.- Dito órgano se adscribe á Área competente en materia de Facenda, dependendo directamente do seu titular ou do órgano directivo con competencias en materia político-financeira, segundo o que determine o Decreto do Alcalde para a organización de dita Área.

3.- Ao órgano de tesourería e xestión tributaria e financeira do Concello de Pontevedra corresponderanlle as seguintes competencias:

A) Como responsable da planificación e da xestión finan-

ceira, correspóndelle levar cabo as funcións que a normativa vixente lle atribúe ás tesourerías e, en particular, as seguintes:

a) A formación e actualización dos planes, programas e orzamentos de tesourería, distribuíndo no tempo as dispoñibilidades dinerarias do Concello para a puntual satisfacción das obrigas, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme, no seu caso, ás directrices marcadas pola Corporación, así como a formación de cantos outros planes e programas sexan necesarios para a optimización coordinada dos fondos do Concello e os seus organismos, asegurando a previsión dun equilibrio financeiro.

b) A preparación do plan de disposición de fondos a que se refire o artigo 187 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

c) O depósito, manexo, custodia e administración de fondos, valores e efectos, a realización de toda clase de cobros e pagos e, en xeral, a organización dos medios e deseño dos procesos necesarios para a xestión do servicio de tesourería municipal, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes.

d) Minimizar os fondos necesarios e investir eficazmente para rendabilizar ao máximo os excedentes temporais de tesourería.

e) Estudio, programación, proposta e xestión de endebedamento no que se refire a operacións de crédito a curto prazo. Responder dos avais contraídos.

f) Xestión e administración da Caixa da Corporación.

g) A realización das actas de arqueo ordinarias e extraordinarias, así como a realización do estado conciliatorio das discrepancias entre os saldos contables e bancarios, autorizados polo órgano que teña atribuídas as funcións contables e fiscalizadas pola Intervención Xeral.

h) Realizar as demais que deriven ou se relacionen coas anteriormente mencionadas.

i) Executar, conforme as directrices marcadas pola Corporación, as consignacións en Bancos, Caixa da Corporación e establecementos análogos, autorizando xunto co Ordenador de pagos, e o Interventor os cheques e demais ordes de pagamento que sexan xirados contra as contas abertas nos Bancos ou establecementos análogos

B) Como responsable da recadación municipal, exercerá as seguintes funcións:

a) A xefatura e organización dos servicios de recadación dos tributos e demais ingresos de dereito público e privado municipais, tanto en período voluntario como executivo.

b) O impulso, dirección e execución dos procedementos recadatorios coas competencias e facultades que, para isto, a lexislación do Estado atribúe aos órganos de recadación.

c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se

entreguen aos órganos responsables da recadación.

d) Dictar a providencia de constrinximento nos expedientes administrativos deste carácter e autorizar e presidir a poxa dos bens embargados.

C) Como responsable da xestión e inspección tributarias municipais, exercerá as seguintes funcións:

a) A xefatura e organización dos servicios encargados da xestión e inspección tributarias municipais, o que comportará o impulso e dirección dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e revisión dos actos tributarios municipais.

b) Calquera outras de natureza similar.

4.- A dirección dos servicios a que se refire o apartado anterior, comportará a xefatura do persoal adscrito aos mesmos, sen prexuízo do disposto no artigo 124.4.i) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e da superior dirección do titular da área da que dependan organicamente.

Artigo 60.- Medidas organizativas e medios.

Os órganos de goberno municipal, de acordo ás súas respectivas atribucións, adoptarán as medidas organizativas, persoais e materiais necesarias e suficientes para que a quen ostenten a responsabilidade administrativa das funcións atribuídas aos órganos a que se refire este título, e no exercicio das mesmas, se lle garanta o cumprimento das súas obrigas con total independencia, obxectividade e imparcialidade.

TITULO IV

DOS DISTRITOS

Artigo 61.- Os Distritos.

1. Os Distritos constitúen divisións territoriais do Concello de Pontevedra e están dotados de órganos de xestión desconcentrada para o impulso e desenvolvemento da participación cidadán na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio.

2. Corresponde ao Pleno do Concello mediante norma orgánica establecer a división do municipio en distritos e a determinación e regulación dos seus órganos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar a organización e as competencias da súa administración executiva, de conformidade co disposto no artigo 123.1.c) da Lei reguladora das bases de réxime local.

3. O presente título establece as normas esenciais da organización administrativa dos distritos, que se complementarán na norma orgánica que deberá aprobar o Pleno da corporación.

Artigo 62.- Órganos de goberno a da administración.

O goberno e administración do distrito corresponde á Xunta municipal e o Concelleiro Presidente da mesma, sen prexuízo das competencias que correspondan aos demais órganos municipais.

Artigo 63.- A Xunta Municipal de Distrito.

A Xunta Municipal de Distrito exercerá as competencias executivas ou administrativas que lle correspondan por delegación do Alcalde ou da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das demais que lle atribúa o Pleno de conformidade co previsto no apartado quinto do artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Artigo 64.- O Concelleiro Presidente.

O Concelleiro Presidente, nomeado e separado polo Alcalde, representa ao distrito e dirixe a súa administración, convoca e preside as sesións da Xunta Municipal, dirime os empates co seu voto de calidade e executa os acordos desta.

Artigo 65.- Competencias do Concelleiro Presidente.

1. Corresponde ao Concelleiro Presidente a dirección, planificación e coordinación dos servicios municipais da competencia do distrito e, en particular, as seguintes:

a) Exercer a representación, dirección, xestión e inspección do distrito que presida.

b) Propoñer ao titular da Área competente por razón da materia, as propostas que corresponda aprobar ao Pleno ou a Xunta de Goberno Local no ámbito das competencias do distrito.

c) Propoñer ao Alcalde, a través da Área correspondente e previo informe da Área competente en materia de organización administrativa, a aprobación dos proxectos de organización do seu distrito.

d) As demais que lle atribúan as disposicións legais vixentes.

2. O Concelleiro Presidente exercerá, ademais, as atribucións que lle sexan delegadas polo Alcalde ou Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das competencias que lle poidan ser asignadas polas normas que aprobe o Pleno de conformidade co previsto no apartado quinto do artigo 123.1.c) da Lei 7/1985.

Artigo 66.- Responsabilidade política do Concelleiro Presidente.

O Concelleiro Presidente responderá politicamente da súa xestión ante o Pleno da Corporación nos termos establecidos no presente Regulamento, sen prexuízo da responsabilidade esixible, en todo caso, ante a propia Xunta Municipal do Distrito.

Artigo 67.- Órganos de participación.

Nos distritos poderán crearse órganos de participación dos veciños e das asociacións que os representen, de conformidade co que se estableza ao respecto nas normas orgánicas de participación cidadá.

## TITULO V
## OS ORGANISMOS PÚBLICOS
### CAPÍTULO I.
### DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 68.- Creación, funcións e adscrición.

1. O Concello de Pontevedra poderá crear organismos públicos para a realización de actividades de execución ou xestión tanto administrativas de fomento ou prestación, como de conti-

do económico reservadas á Administración municipal.

2. Os organismos públicos dependen da Administración municipal e se adscriben directamente ou a través doutro organismo público, á Área de goberno competente por razón da materia, a través do órgano que en cada caso se determine.

Os organismos públicos poderán adscribirse tamén ás Áreas das que sexa titular un Concelleiro Delegado, a quen corresponderán as funcións atribuídas neste Regulamento aos titulares das Áreas de Goberno.

Artigo 69.- Personalidade xurídica e potestades.

1. Os organismos públicos teñen personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio propio, así como autonomía de xestión, nos termos previstos na lexislación vixente.

2. Aos organismos públicos corresponden as potestades e competencias precisas para o cumprimento dos seus fins, nos termos fixados nos seus estatutos, salvo a potestade expropiatoria.

Artigo 70.- Clasificación.

1. Os organismos públicos se clasifican en:

a) Organismos autónomos.

b) Entidades públicas empresariais.

2. Os organismo autónomos dependen dunha Área á que corresponde a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade, a través do órgano ao que figure adscrito ao organismo.

3. As entidades públicas empresariais dependen dunha Área ou dun organismo autónomo, correspondendo as funcións reflectidas no apartado anterior ao órgano de adscrición destas.

Artigo 71.- Creación, modificación, refundición e supresión.

1. A creación, modificación, refundición e supresión dos organismos públicos corresponde ao Pleno, quen aprobará os seus estatutos, a proposta da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo do previsto no apartado seguinte.

2. Nos acordos de supresión se establecerán as medidas aplicables ao persoal do organismo o respecto da integración do mesmo na Administración do Concello ou no organismo público que corresponda.

Así mesmo, determinará a integración no patrimonio municipal dos bens e dereitos que, no seu caso, resulten sobrantes da liquidación do organismo, para a súa afectación a servicios municipais ou adscrición a outros organismos, ingresándose na Tesourería o remanente líquido resultante.

Artigo 72.- Estatutos.

1. Os estatutos dos organismos públicos comprenderán alomenos os seguintes extremos:

a) Natureza xurídica do organismo público que se crea, con indicación dos seus fins xerais, así como a Área ou organismo autónomo de adscrición.

b) A determinación dos máximos órganos de dirección do organismo, sexan unipersoais ou colexiados, así como a súa forma

de designación, con indicación daqueles actos e resolucións que esgoten a vía administrativa.

c) As funcións e competencias do organismo, con indicación das potestades administrativas xerais que este pode exercitar.

d) No caso de entidades públicas empresariais, os estatutos tamén determinarán os órganos aos que se lles confire o exercicio das potestades administrativas.

e) O patrimonio que se lles asigne para o cumprimento dos seus fins e os recursos económicos que financien o organismo.

f) O réxime relativos os recursos humanos, patrimonio e contratación.

g) O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención, control financeiro e control de eficacia, que serán, en todo caso, conformes coa lexislación sobre facendas locais e co disposto no Capítulo III, do Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

3. Os estatutos deberán ser aprobados e publicados con carácter previo á entrada en funcionamento efectivo do organismo público correspondente.

Artigo 73.- Principios de organización e funcionamento.

Os organismos públicos se organizan e actúan con pleno respecto ao principio de legalidade e de acordo cos principios sinalados no presente Regulamento.

## CAPÍTULO II.
## DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Artigo 74.- Funcións dos organismos autónomos.

1. Os organismos autónomos se rexen polo Dereito Administrativo e se lles encomenda, en réxime de descentralización funcional e en execución de programas específicos da actividade dunha área, a realización de actividades de fomento, prestacionais ou de xestión de servicios públicos.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións os organismos autónomos disporán dos ingresos propios que están autorizados a obter, así como das restantes dotacións que poidan percibir a través do orzamento xeral do Concello de Pontevedra.

Artigo 75.- Órganos de dirección e participación.

1. Os órganos de dirección dos organismos autónomos son:

a) O Consello Rector.

b) O Presidente.

c) O Vicepresidente.

e) O Director.

2. Nos seus respectivos estatutos poderán crearse órganos de asesoramento e participación.

Artigo 76.- Natureza do Consello Rector.

O Consello Rector é o máximo órgano de dirección dos organismos autónomos ao que corresponde velar pola consecución dos obxectivos asignados aos mesmos.

Artigo 77.- Composición do Consello Rector.

1. O Consello Rector estará integrado polo Presidente e

por un número de vocais que se determine nos seus estatutos.

2. Os membros do Consello Rector serán nomeados e, no seu caso, cesados por acordo da Xunta de Goberno Local a proposta do titular da área á que figure adscrito ou do organismo con dereito a representación no organismo autónomo.

En calquera caso, haberá un concelleiro por cada grupo político con representación no Concello de Pontevedra como vocal do Consello Rector.

Os demais vocais serán nomeados segundo o establecido nos estatutos.

Artigo 78.- Funcións do Consello Rector.

As funcións do Consello Rector serán as establecidas nos seus estatutos.

Artigo 79.- Funcionamento do Consello Rector.

O réxime de funcionamento do Consello Rector será o que determinen os estatutos do organismo autónomo e o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 80.- Do Presidente e Vicepresidente.

1. O Presidente do organismo autónomo e do Consello Rector será o titular da área á que figure adscrito

2. Existirá un Vicepresidente designado polo Presidente entre os vocais do Consello Rector, que lle substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e exercerá así mesmo as funcións que o Presidente ou o Consello Rector lle deleguen expresamente.

Artigo 81.- Funcións do Presidente.

Corresponden ao Presidente as seguintes funcións:

a) Ostentar a máxima representación institucional do organismo, sen prexuízo das competencias que, como representante legal do mesmo, correspondan ao Director.

b) Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Rector, fixar a orde do día e dirixir as deliberacións.

c) Visar as actas e certificacións dos acordos do organismo.

d) Exercitar as actuacións imprescindibles en caso de urxencia, dando conta ao Consello Rector na primeira sesión que teña lugar.

e) Dictar instruccións e circulares sobre as materias que sexan competencia do organismo.

f) As que o Consello Rector lle delegue, cantas outras sexan inherentes a súa condición de Presidente do organismo e as demais que lle atribúan os correspondentes estatutos.

Artigo 82.- Da Secretaría dos organismos autónomos.

1. O desempeño da Secretaría dos organismos autónomos corresponde ao Secretario Municipal (órgano de apoio á Xunta de Goberno Local).

2. Corresponden ao Secretario do Consello Rector as seguintes funcións:

a) Asistir ás sesións do Consello Rector, con voz pero sen voto.

b) Efectuar as convocatorias das sesións por orde do Presidente, así como as citacións aos membros do Consello Rector.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros do Consello Rector e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar a autorizar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións dos acordos adoptados.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de Secretario ou as fixadas polos estatutos do organismo autónomo.

Artigo 83.- O Director.

1. O Director dos organismos autónomos será nomeado, e no seu caso cesado, libremente pola Xunta de Goberno Local a proposta do Consello Rector.

O nomeamento deberá efectuarse entre funcionarios de carreira ou persoal laboral ao servicio das Administracións públicas, ou profesionais do sector privado, titulados superiores en ambos casos, e con máis de cinco anos de exercicio profesional no segundo.

2. O Director ostenta a condición de persoal directivo para os efectos previstos no presente Regulamento.

Artigo 84.- Funcións do Director.

1. Corresponden ao Director as seguintes funcións, sen prexuízo das demais que poidan atribuírlle os estatutos:

a) A execución e seguimento dos acordos adoptados polo Consello Rector e resolucións da Presidencia, adoptando as medidas que para os efectos sexan necesarias.

b) Dirixir, inspeccionar e impulsar tódolos servicios do organismo autónomo de acordo coas directrices do Consello Rector.

c) Exercer a representación legal do organismo, sempre que non sexa asumida expresamente pola Presidencia.

d) A celebración de contratos, nas condicións e cos límites establecidos pola Xunta de Goberno Local nos termos establecidos nos seus estatutos.

e) Asistir obrigatoriamente ás sesións do Consello Rector, con voz e sen voto.

f) Preparar o anteproxecto de orzamento e as súas modificacións.

g) Elaborar e propor ao Consello Rector a aprobación do proxecto de cadro de persoal do organismo, segundo as previsións contidas nos estatutos.

h) A dirección e xestión do persoal, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Rector e o seu Presidente.

i) En xeral, o desenvolvemento de tódalas actuacións necesarias para a correcta consecución dos fins do organismo e dos

acordos do Consello Rector.

j) Confección e presentación de proxectos de planificación e programas de actividades do organismo autónomo.

k) As demais facultades que non están atribuídas expresamente a outros órganos e as que estes lle deleguen ou os estatutos lle confiran.

Artigo 85.- Recursos económicos.

Os recursos económicos dos organismos autónomos poderán ser:

a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

b) Os productos e rendas de dito patrimonio.

c) As consignacións específicas que tiveren asignadas no Orzamento Xeral do Concello.

d) As transferencias correntes ou de capital que procedan das Administracións ou entidades públicas.

e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que están autorizados a percibir.

f) As doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares.

g) Calquera outro recurso que lle puidera ser atribuído.

Artigo 86.- Réxime patrimonial.

1. O réxime xurídico patrimonial dos bens propios e adscritos dos organismos autónomos será o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e nas demais disposicións legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.

2. O alleamento de bens inmobles e dereitos reais pertencentes aos organismos autónomos será autorizado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Consello Rector.

Artigo 87.- Réxime orzamentario.

Os organismos autónomos someterán o seu réxime orzamentario ao establecido no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nas bases anuais de execución do orzamento xeral e nas disposicións legais ou regulamentarias que na materia resulten de aplicación.

Artigo 88.- Contabilidade pública.

Os organismos autónomos quedan sometidos ao réxime de contabilidade pública nos termos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 89.- Control pola Intervención Xeral.

Corresponde á Intervención Xeral do Concello de Pontevedra o control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria dos organismos autónomos nos termos previstos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e bases de execución do orzamento xeral.

Artigo 90.- Control de eficacia.

Os organismos autónomos quedan sometidos a un control de eficacia pola Área a que figuren adscritos. Dito control terá por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.

Artigo 91.- Persoal.

1. O persoal dos organismos autónomos será funcionario ou laboral, de acordo co que establezan as súas relacións de postos de traballo.

2. A selección de dito persoal se realizará polos procedementos establecidos para os efectos na lexislación vixente, garantindo, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade das convocatorias.

3. O persoal dos organismos autónomos se rexerá polo previsto na Lei reguladora das bases de réxime local e nas demais disposicións legais e regulamentarias aplicables ao persoal das entidades locais e polos acordos e convenios colectivos que resulten de aplicación.

Artigo 92.- Recursos e reclamacións.

1. Os actos e resolucións dictados polo Consello Rector, o Presidente, o Vicepresidente e o Director dos organismos autónomos poñen fin á vía administrativa e serán recorribles ante a xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida interporse, con carácter potestativo, recurso de reposición, nos termos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A revisión de oficio dos actos administrativos nulos e a declaración de lesividade dos anulables dictados polo Consello Rector dos organismos autónomos corresponderá ao titular da área á que están adscritos.

Ao Consello Rector correspóndelle a revisión de oficio dos actos administrativos nulos e a declaración de lesividade dos anulables dictados polos demais órganos do organismo autónomo.

3. A revogación dos actos administrativos desfavorables ou de gravame corresponde tamén ao Consello Rector.

4. Respecto ás reclamacións económico-administrativas se estará ao disposto na normativa vixente na materia e serán resoltas polo órgano para a resolución de ditas reclamacións contemplado no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Artigo 93.- Responsabilidade patrimonial.

1. O réxime de responsabilidade patrimonial dos organismos autónomos e as súas autoridades e persoal, se esixirá nos mesmos termos e casos que para o resto do Concello de Pontevedra de acordo coas disposicións xerais na materia.

2. A resolución das reclamacións que se formulen polo funcionamento normal ou anormal dos servicios de competencia dos organismos autónomos corresponde á Presidencia a proposta do Director.

Artigo 94.- Réxime de contratación dos organismos autónomos.

1. A contratación dos organismos autónomos se rexerá polas normas xerais da contratación das Administracións públicas que lles resulten de aplicación.

2. Será necesaria a autorización do titular da área á que se encontren adscritos, para celebrar contratos de contía su-

perior ás cantidades previamente fixadas por aquel ou polos estatutos.

## CAPÍTULO III.

## ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

Artigo 95.- Funcións.

As entidades públicas empresariais son organismos públicos aos que se lles encomenda a realización de actividades prestacionais, a xestión de servicios ou a producción de bens de interese público susceptibles de contraprestación.

Artigo 96.- Réxime xurídico e potestades administrativas.

1. As entidades públicas empresariais se rexen polo Dereito privado, excepto na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente regulados para as mesmas na lexislación vixente e nos seus estatutos.

2. As potestades administrativas atribuídas ás entidades públicas empresariais só poden ser exercidas por aqueles órganos destas aos que nos estatutos se lles asigne expresamente esta facultade.

Artigo 97.- Órganos de dirección.

Os órganos de dirección das entidades públicas empresariais son:

a) Consello de Administración.
b) Presidente.
c) Vicepresidente.
d) Xerente.

2. Nos seus respectivos estatutos poderán crearse órganos de asesoramento e participación denominados Consellos Asesores, cuxos membros poderán ser designados a proposta e en representación de institucións públicas, organizacións sociais, de usuarios, sindicais, profesionais ou empresariais, de acordo coas disposicións contidas no presente Regulamento ou nos seus estatutos.

Artigo 98.- Consello de Administración.

1. O Consello de Administración é o máximo órgano de goberno e dirección da entidade ao que corresponde velar pola consecución dos obxectivos asignados á mesma.

2. Estará integrado polo Presidente da Entidade, polo Secretario e polos vocais que se determine nos seus estatutos.

Os membros do Consello de Administración serán nomeados e, no seu caso cesados, por acordo da Xunta de Goberno Local, a proposta do titular da área á que se encontren adscritos.

3. O Secretario do Consello de Administración será nomeado polo Presidente entre funcionarios públicos aos que se esixa para o seu ingreso titulación superior, e exercerá as funcións de fe pública e o asesoramento dos órganos unipersoais e colexiados da entidade.

Artigo 99.- Funcións do Consello de Administración.

Corresponden ao Consello de Administración as funcións atribuídas ao Consello Rector dos organismos autónomos e de-

mais que lle atribúan os estatutos e demais disposicións legais ou regulamentarias.

Artigo 100.- Funcionamento do Consello de Administración.

O réxime de funcionamento do Consello de Administración será o que se determine nos estatutos da entidade e o establecido no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 101.- Do Presidente e Vicepresidente.

1. O Presidente da entidade será o titular da área ou o Presidente do organismo autónomo ao que figure adscrita.

2. Existirá un Vicepresidente designado polo Presidente entre os vocais do Consello de Administración, que os substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e exercerá así mesmo as funcións que o Presidente ou o Consello de Administración lle deleguen expresamente.

Artigo 102.- Funcións do Presidente, Secretario e Xerente.

As funcións do Presidente, Secretario e Xerente serán as funcións atribuídas ao cargos similares dos organismos autónomos e as demais que lle atribúan os estatutos e demais disposicións legais ou regulamentarias.

Artigo 103.- Recursos económicos.

1. As entidades públicas empresariais se financias cos ingresos que se deriven das súas operacións e cos seguintes recursos económicos:

a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

b) Os productos e rendas de dito patrimonio.

c) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que están autorizados a percibir, segundo as disposicións polas que se rexan.

d) Calquera outro recurso que lle puidera ser atribuído.

2. Excepcionalmente, cando así os prevean os propios estatutos, poderán financiarse cos seguintes recursos:

a) As consignacións específicas que tiveran asignadas no Orzamento Xeral do Concello.

b) As transferencias correntes ou de capital que procedan das Administracións ou entidades públicas.

c) As doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas ou de particulares.

Artigo 104.- Réxime patrimonial.

1. O réxime xurídico patrimonial dos bens propios e adscritos das entidades públicas empresariais será o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e nas demais disposicións legais ou regulamentarias que lle sexan de aplicación.

2. Os alleamentos de bens inmobles e dereitos reais pertencentes ás entidades públicas empresariais serán autorizados polo Consello de Administración, previo informe da Área competente en materia de patrimonio, salvo que ditos alleamentos formen parte do obxecto da actividade daquelas.

Artigo 105.- Réxime xurídico.

1. De conformidade co disposto no artigo 85 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, as sociedades mercantís que se poidan crear no Concello de Pontevedra se rexerán integramente, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, salvo as materias en que lles sexa de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control financeiro, de control de eficacia e contratación.

2. As sociedades deberán adoptar unha das formas de sociedade mercantil de responsabilidade limitada e na escritura de constitución constará o capital, que deberá ser aportado integramente polo concello de Pontevedra ou organismo público do mesmo.

3. Os estatutos determinarán a forma de designación e funcionamento da Xunta Xeral e Consello de Administración, así como os máximos órganos de dirección das mesmas.

Artigo 106.- Réxime económico-financeiro.

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención, control financeiro e control de eficacia será o establecido na normativa reguladora das facendas locais e no Capítulo III do Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

O disposto no apartado anterior debe entenderse sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local.

Artigo 107.- Persoal.

1. O persoal das entidades públicas empresariais se rexe polo Dereito laboral, de acordo co disposto para estas entidades na Lei 7/1985 e no presente Regulamento.

2. A determinación e modificación das condicións retributivas, tanto do persoal directivo como do resto do persoal, deberán axustarse en todo caso ás normas que ao respecto aprobe o Pleno ou a Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

3. A Área competente en materia de persoal efectuará, coa periodicidade adecuada, controles específicos sobre a evolución dos gastos de persoal e da xestión dos seus recursos humanos.

4. Os estatutos de cada entidade deberán determinar as condicións conforme ás que, os funcionarios doutras Administracións públicas, poderán ocupar destinos na referida entidade.

Artigo 108.- Órgano de contratación e límites.

1. A contratación das entidades públicas empresariais se rexe polas previsións contidas ao respecto na lexislación de contratos das Administracións públicas.

2. A facultade de celebrar contratos administrativos e privados corresponde ao Xerente da entidade, cos límites establecidos polo Consello de Administración, correspondendo aos órganos competentes nos demais supostos.

TITULO VI

PRINCIPIOS E NORMAS DE ACTUACIÓN DO GOBERNO MUNICIPAL.

CAPÍTULO I. - PRINCIPIOS BÁSICOS.

Artigo 109.- Principios de actuación.

O Alcalde, os membros da Xunta de Goberno Local e os concelleiros con responsabilidade de goberno, no desenvolvemento das súas atribucións, actuarán de acordo coa Constitución e o resto do ordenamento xurídico, axustando as súas actuacións aos principios de obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, credibilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servicio público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez e promoción dun entorno de igualdade entre homes e mulleres.

CAPÍTULO II.- NORMAS DE ACTUACIÓN.

Artigo 110. – Normas de actuacion.

Os membros do goberno municipal, no exercicio dos respectivos cargos, axustarán as súas actuacións ás seguintes normas:

1ª) Na adopción de decisións perseguirán sempre a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns, fundándose en consideracións obxectivas orientadas ao interese común, actuando de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e vixiando a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos.

2ª) Exercerán as súas atribucións segundo os principios da boa fe e dedicación ao servizo público, absténdose de calquera conducta que comprometa a súa neutralidade no exercicio da xestión dos servizos públicos que tiveran encomendados.

3ª) Velarán por promover o respecto á igualdade entre homes e mulleres e removerán os obstáculos que pidan dificulta-la.

4ª) Asumirán, en todo momento, a responsabilidade das súas decisións e actuacións tanto ante os cidadáns como ante os superiores, non derivándoas aos subordinados sen causa obxectiva.

5ª) Non influirán na axilización ou resolución de trámites ou procedementos administrativos sen xusta causa, nin aceptarán ningún trato de favor ou situación que conleve privilexio ou vantaxe inxustificada por parte de persoas físicas ou entidades privadas.

6ª) Absteranse de toda actividade privada ou interese que poida conlevar risco de plantexar conflictos de interese co seu cargo público, así como de todo tipo de negocio ou actividade financeira que poida comprometer a obxectividade da Administración municipal.

7ª) Desempeñarán o cargo municipal coa dedicación esixible, sen que poida menoscabarse o exercicio das súas funcións como membro do goberno municipal, polo desenvolvemento de tarefas nos órganos executivos da dirección

de partidos políticos.

8ª) Manterán sixilo, reserva, e discreción en relación cos datos e informes de que tiveran coñecemento por razón do seu cargo.

9ª) Administrarán os recursos públicos con austeridade, evitando actuacións que poidan menoscabar a dignidade coa que debe exercerse un cargo público.

10ª) No desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, garantirán os dereitos dos cidadáns á información, serán accesibles aos mesmos, e extremarán a súa dilixencia para que se contesten tódolos escritos, solicitudes e reclamacións que lle presenten os cidadáns.

11ª) Facilitarán o relevo no goberno municipal, facilitando aos posteriores responsables, a transmisión do documentación relevante, non custodiada nos diferentes departamentos da Administración municipal.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Primeira. Disposicións de aplicación preferente.

De conformidade co previsto na disposición adicional undécima da Lei 7/1985, do 2 de abril, as disposicións contidas no Título X para os municipios de gran poboación prevalecerán respecto das demais normas de igual ou inferior rango no que non se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles.

As disposicións do presente Regulamento serán de aplicación preferente ás contidas no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como do Regulamento de servicios das corporacións locais.

Segunda. Disposicións organizativas do Alcalde.

As disposicións contidas no presente Regulamento referentes á organización administrativa se complementarán e, no seu caso, desenvolverán coas que adopte o Alcalde ao amparo do previsto no artigo 124.4.k) da Lei reguladora das bases de réxime local.

Así mesmo, facúltase á Alcaldía para acadar cantas modificacións do cadro de persoal resulten necesarias para adaptar, mediante Decreto, os servicios administrativos municipais á organización prevista neste Regulamento, dotando aos órganos municipais dos medios materiais e persoais necesarios para cumprir as súas funcións, realizándose pola Xunta de Goberno Local, dentro das súas competencias, as reasignacións que sexan pertinentes.

Terceira.- Incompatibilidades.

Os órganos superiores e directivos, así como os membros do órgano de reclamacións económico-administrativas quedarán afectos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro.

Cuarta. Servicios especiais e reingreso.

1. De conformidade co disposto no artigo 29.2.h) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función

pública, adicionado pola Lei 57/2003, os funcionarios municipais que desempeñen cargos directivos no Concello de Pontevedra ou que fosen membros do órganos de reclamacións económico-administrativas, serán declarados en situación de servicios especiais, excepto os postos que deban ser cubertos por funcionarios con habilitación de carácter nacional, que se rexerán polas súas propias normas de provisión.

Consonte ao disposto no artigo 7 do RD 365/1995, do 10 de marzo, os funcionarios que se atopen en situación de servicios especiais asignaráselles, con ocasión do reingreso ao servicio activo, un posto de traballo segundo os seguintes criterios:

a) No caso de que estivese vacante o posto de traballo que desempeñaba o funcionario antes de pasar á situación de servicios especiais, asignaráselle, de maneira preferente, o dito posto.

b) De existir posto vacante dispoñible e axeitado, a Alcaldía acordará o reingreso e a asignación do posto no prazo máximo de quince días.

c) No caso de que non exista posto vacante dispoñible a Alcaldía disporá a creación doutro posto similar pola Xunta de Goberno Local no prazo de quince días.

d) No suposto de que o posto de traballo desempeñado con anterioridade fora obtido mediante o sistema de libre designación ou adscrición provisional, o posto a asignar será con carácter provisional.

e) Cando o posto do último destino fora obtido por concurso, reasignación de efectivos ou redistribución de efectivos, a adscrición será con carácter definitivo.

2. As persoas que carezan da condición de funcionarios e sexan nomeadas titulares dun cargo directivo, terán a consideración de persoal eventual cesando automaticamente cando cesen os membros da Xunta de Goberno Local. No suposto de que estes cesen con ocasión da realización de eleccións locais, prorrogarán as súas funcións ata o día anterior á toma de posesión dos novos concelleiros.

<u>Quinta</u>. Asignación de funcións atribuídas por Lei e complementarias aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional do Concello de Pontevedra.

1. De conformidade co disposto na Disposición Transitoria Quinta da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que están desempeñando en propiedade postos de traballo reservados a eles no Concello de Pontevedra, se lles aplicarán as seguintes normas:

a) O Secretario Xeral do Concello de Pontevedra na vindeira relación de postos de traballo pasará a desempeñar o posto de Secretario Xeral do Pleno.

b) O Interventor Xeral do Concello de Pontevedra na vindeira relación de postos de traballo pasará a desempeñar o

posto de Interventor Xeral Municipal.

c) As funcións encomendadas ao órgano de Xestión Tributaria e Financeira no presente Regulamento serán asignadas na vindeira relación de postos de traballo ao Tesoureiro do Concello de Pontevedra, quen asumirá a xefatura do citado órgano.

d) As funcións encomendadas ao órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao Secretario da mesma, denominado Secretario da Administración Municipal no presente Regulamento, serán asignadas na vindeira relación de postos de traballo ao Vicesecretario do Concello de Pontevedra, quen asumirá a xefatura do citado órgano.

e) As funcións encomendadas ao órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade no presente Regulamento serán asignadas na vindeira relación de postos de traballo á Viceinterventora do Concello de Pontevedra, quen asumirá a xefatura do citado órgano.

f) A asignación de funcións complementarias os ditos postos de traballo realizarase a través da relación de postos de traballo, sen prexuízo de que mentres esta non teña sido aprobada poida o órgano municipal competente do Concello encomendar aos funcionarios que desempeñan os ditos postos a realización deste tipo de funcións.

Sexta.- Asignación de funcións os postos de Letrado Asesor e directivos dos organismos autónomos do Concello de Pontevedra.

1. O actual posto de Letrado Asesor do Concello de Pontevedra na vindeira relación de postos de traballo, pasará a desempeñar a xefatura da Asesoría Xurídica, desenvolvendo as funcións asignadas a dito posto no presente Regulamento e na lexislación vixente.

2. Os actuais Director Técnico e Directora/Xerente dos organismos autónomos do Concello de Pontevedra "Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra" e "Pazo de Congresos e Exposicións" respectivamente, pasarán a desempeñar a correspondente Dirección de cada un dos organismos autónomos, mantendo a súa situación laboral, debendo adoptarse as medidas necesarias para a súa adaptación á lexislación vixente.

3. A asignación de funcións complementarias os ditos postos de traballo realizarase a través da relación de postos de traballo ou dos correspondentes estatutos, sen prexuízo de que mentres esta non teña sido aprobada poida o órgano municipal competente do Concello encomendar aos traballadores que desempeñan os ditos postos a realización deste tipo de funcións.

Sétima.- Traspaso de funcións entre unidades administrativas.

O traspaso de funcións entre as unidades administrativas actualmente existentes e os órganos que se crean polo presente Regulamento, así como a reasignación dos recursos humanos e materiais necesarios, se levará a cabo baixo os principios de eficacia, eficiencia e economía.

Para os efectos, as diversas áreas e concellerías trasladarán aos responsables das áreas de Economía e Facenda e de

Persoal as propostas que procedan, para que estas, no seu caso, as sometan de forma conxunta á consideración da Xunta de Goberno Local.

Oitava. Rexistro Xeral.

1. O rexistro Xeral do Concello de Pontevedra se rexerá polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e polas disposicións contidas no presente Regulamento.

2. No Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra se fará constar o correspondente asento de todo escrito ou comunicación que sexa presentado ou que se reciba en calquera unidade administrativa, así como a saída dos escritos e comunicacións oficiais dirixidas a particulares e outras Administracións Públicas e Institucións públicas ou privadas.

3. Os libros ou soporte documental do Rexistro, non poderá saír baixo ningún pretexto da Casa Consistorial. O acceso o seu contido se realizará mediante consulta dos mesmos no lugar en que se encontren custodiados o mediante a expedición de certificacións e testemuñas.

4. En cada área, Distrito, organismo público, etc. se poderán crear nas unidades administrativas correspondentes da súa propia organización outros rexistros con fin de facilitar a presentación de escritos e comunicacións. Estes rexistros serán auxiliares do Rexistro Xeral ao que se comunicará toda anotación que se realice por rexistros auxiliares.

5. O Rexistro do Pleno, como auxiliar do xeral no referido ás comunicacións externas, se regulará polo que se dispoña no seu regulamento orgánico.

Novena. Mesas de contratación.

Os órganos de contratación do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos estarán asistidos por unha Mesa de contratación constituída por un Presidente, un mínimo de cinco vocais e un secretario designados polo órgano de contratación. Entre os vocais deberá figurar necesariamente o titular da Asesoría Xurídica, o Interventor Xeral Municipal e un funcionario técnico do servicio competente por razón da materia, así como dous concelleiros designados polo Alcalde ou Concelleiro de Goberno ou Delegado. O secretario será designado entre os funcionarios do órgano de contratación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

ÚNICA.- A partir da entrada en vigor do presente Regulamento Orgánico quedan derrogadas tódalas disposicións do Concello de Pontevedra que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA.- De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de

réxime local, a publicación e entrada en vigor deste Regulamento se producirá da seguinte forma:

a) O acordo de aprobación definitiva do presente Regulamento se comunicará á Administración do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e Regulamento se publicarán no Boletín Oficial da Provincia.

c) O Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.